

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

CONVOCATORIA CURSO 2024-2025

**DOCE BOLSAS DE MOBILIDADE ERASMUS+ PARA O
ALUMNADO DO CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO**

1. Obxecto da convocatoria

Concesión de **12** bolsas Erasmus+ KA 131 de mobilidade de estudantes para facer prácticas en empresas en países con convenio Erasmus+ K131 (países da Unión Europea e terceiros países asociados ao programa)

As prácticas a través da mobilidade Erasmus+ KA131 terán, a todos os efectos, o mesmo recoñecemento que se se realizaran nunha empresa española.

O CIFP Audiovisual de Vigo recoñecerá academicamente o período de prácticas, sempre que se alcancen os logros acordados por ambas partes no programa formativo, rexistrárase tamén o Certificado de Mobilidade Europass e o Suplemento Europeo ao Título.

1 Destinatarios

Alumnado en ORDINARIO e MODULAR (presencial e distancia), matriculado no CIFP Audiovisual de Vigo, nun Ciclo Formativo de Grao Superior, que vaia realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) no segundo ou terceiro trimestre do curso 2024-2025, así coma entre o 15 de setembro e o 15 de decembro de 2025.

2 Requisitos para a participación na convocatoria

- Estar matriculado/a no CIFP Audiovisual de Vigo e estar en disposición de realizar a FCT nos anteditos períodos.
- Reunir os requisitos para poder realizar a FCT
- Ter a nacionalidade española ou posuír a nacionalidade dun país participante no PAP (programa de aprendizaxe permanente) ou de terceiros países, nese caso deberá acreditar que está en posesión dun permiso válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.
- É obrigatorio posuír un coñecemento suficiente do idioma en que se recibirá a formación no país de acollida ou en inglés (lingua vehicular de UE).
- Presentar a solicitude e documentación dentro do prazo previsto.
- Superar unha entrevista persoal cunha puntuación mínima de 2 sobre 4.

3 Duración

Duración de 2,5 meses (75 días) da bolsa no que se inclúe todo o período da FCT. O tempo de estadía de formación na empresa é sempre o estimado no convenio Erasmus+ KA131 coa mesma, así como o indicado no convenio asinado co alumno/a e o CIFP Audiovisual de Vigo, independentemente da duración do módulo de FCT.

4 Criterios de selección de candidatos

Aplicaranse os seguintes criterios:

A coordinadora de Programas Internacionais levará a cabo varias sesións de orientación en grupos pequenos de 22 alumnos (por clase e ciclo). Estas sesións, que se realizarán nos primeiros meses do curso, están dirixidas aos estudantes de segundo curso e aos que están matriculados na modalidade modular. Durante as sesións, ofrecerase información sobre os beneficios e oportunidades do programa Erasmus+, así como sobre os requisitos para participar e outros aspectos importantes.

O alumnado interesado en realizar unha mobilidade Erasmus+ deberá anotar os seus datos persoais e o sector no que queren realizar a FCT no estranxeiro nunha folia que se proporcionará.

Ademais, aqueles estudantes que atopen unha empresa de acollida por conta propia terán prioridade á hora de formalizar a mobilidade Erasmus+.

Se varios alumnos/as optan á mesma plaza, aplicarase un baremo que se achega a continuación para decidir quen terá a prioridade.

a) Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos máximo 4 puntos)		TOTAL
• Nota media inferior a 6	1 punto.	
• Nota media comprendida entre 6 e 7	2 puntos.	
• Nota media maior que 7 e inferior a 9	3 puntos.	
• Nota media igual ou superior a 9	4 puntos.	
b) Coñecemento do idioma do país de destino (máximo 4 puntos)		
• Certificación de nivel B1	1 punto.	
• Certificación de nivel B2	2 puntos.	
• Certificación de nivel C1	3 puntos.	
• Certificación de nivel C2	4 puntos.	
c) Coñecemento de inglés como idioma de traballo (máximo 4 puntos)		
• Certificación de nivel B1	1 punto.	
• Certificación de nivel B2	2 puntos.	
• Certificación de nivel C1	3 puntos.	
• Certificación de nivel C2	4 puntos.	
d) Entrevista persoal (máximo 4 puntos)		
<p>A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.</p> <p>De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.</p> <p>Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.</p>		

5 Comisión avaliadora

O proceso de baremación será levada a cabo por unha comisión formada pola xefatura do departamento de Información e Orientación profesional e a coordinadora de Programas Internacionais do CIFP Audiovisual de Vigo.




6 Importes de axuda

A contía de cada bolsa varía segundo o país, o orzamento anual e o número de mobilidades previstas:

AYUDAS INDIVIDUALES: MOVILIDADES FÍSICAS DE ESTUDIANTES DE LARGA DURACIÓN (2 A 12 MESES)		IMPORTE BASE	AYUDAS ADICIONALES	
		ESTUDIOS	PRÁCTICAS	MENOS OPORTUNIDADES*
 Grupo 1 Países con costes de vida más altos	Países de la UE y asociados al programa: Alemania, Austria, Bélgica, Dinamarca, Finlandia, Francia Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Bajos, Suecia. Países no asociados al programa de las regiones 13 y 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino; Islas Feroe, Reino Unido, Suiza.	entre 350-674 €/mes	+150 €/mes	+250 €/mes
 Grupo 2 Países con costes de vida medios	Países de la UE y asociados al programa: Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal.	entre 300-606 €/mes		
 Grupo 3 Países con costes de vida más bajos	Países de la UE y asociados al programa: Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía.	entre 250-550 €/mes		
 Estudiantes de Canarias hacia países del grupo 1, 2 y 3		786 €/mes		no procede
 Países no asociados al programa de las regiones 1 a 12		700 €/mes	no procede	+250 €/mes

[Consultar no Sepie.](#)

A esta contía sumárase a derivada dos gastos do viaxe:

AYUDAS DE VIAJE: ESTUDIANTES Y PERSONAL		
 Distancias ²	 En caso de viaje ecológico	 En caso de viaje no ecológico
Entre 10 y 99 km:	56 EUR por participante	28 EUR por participante
Entre 100 y 499 km:	285 EUR por participante	211 EUR por participante
Entre 500 y 1 999 km:	417 EUR por participante	309 EUR por participante
Entre 2 000 y 2 999 km:	535 EUR por participante	395 EUR por participante
Entre 3 000 y 3 999 km:	785 EUR por participante	580 EUR por participante
Entre 4 000 y 7 999 km:	1188 EUR por participante	1188 EUR por participante
8 000 km o más:	1735 EUR por participante	1735 EUR por participante

Calculadora de distancias dispoñible en: <https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>

7 Adxudicación de axudas

As axudas outorgaranse en primeiro lugar á aqueles alumnos que acheguen un contacto pechado cunha empresa na que realizar as prácticas.

Despois, procederase a por en contacto ao alumnado solicitante coas empresas que figuran na base de datos do CIFP Audiovisual de Vigo.

En caso de que o número de candidatos/as e empresas dispoñibles sexa maior á das bolsas ofertadas, abrírase un prazo de presentación de solicitudes e ao seu baremo. Unha vez revisadas e valoradas as solicitudes, farase pública, no taboleiro Erasmus+ e na web do centro, o listaxe provisional dos candidatos e a súa puntuación de desempate. En caso de non estar conforme ou detectar algún erro, disporán de cinco días para solicitar revisión. Unha vez consumido este prazo, entenderase a conformidade da listaxe.

8 Renuncia ás axudas

1. No caso de que por motivos xustificadas un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar na coordinación de programas internacionais unescrito de renuncia. Adxudicarase a praza que queda vacante ao/á primeiro/a solicitante que figura na listaxe de reserva.
2. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

9 Pago das axudas

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.
2. O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e o/a director/a do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ Educación Superior para estudos e/ou prácticas entre países do programa, segundo o modelo establecido polo Programa Erasmus+.
3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade. Esta enquisa individual considerarase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade do alumnado fosen inferiores aos 90 días, o pago do 20% restante minorarase de acordo co establecido no convenio de subvención.

10 Forma de entrega das solicitudes

O alumnado que desexe participar nunha mobilidade Erasmus+ apuntarase nun listado que a coordinadora de Programas Internacionais proporcionará o día da charla informativa. Despois porase en contacto con ela para xestionar a bolsa.

A documentación precisa para a mobilidade e a achega dos méritos alegados en caso de empate faranse chegar ao correo electrónico: internacional.cifp.audiovisual.vigo@edu.xunta.gal

Os documentos que o alumnado debe presentar son:

- **CV EUROPASS** con **CARTA de PRESENTACIÓN** (esta documentación é necesaria en calquera dos casos)
- **Impreso de solicitude** debidamente cumplimentado y firmado.

- **Certificado/s de Idioma/s** emitidos por un certificador oficial

11 Prazo de entrega das solicitudes

Ata o 11 de xaneiro	Publicación e difusión dos alumnos beneficiarios da bolsa
17 de febreiro de 2025	Data límite para aceptación ou renuncia de bolsa.